



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión extraordinaria urxente Pleno
Número expediente PLN/2025/09

PLN/2025/9.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E TRES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Sendo as catorce horas e catro minutos do vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Non asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste

Excusa a súa asistencia o concelleiro, Evaristo Deus Deus.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de intervención, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- RATIFICACION DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

De acordo co establecido no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro, de Orgnización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e correlativo do ROM, o Alcalde procede a xustificar a urxencia da convocatoria e de cada un dos puntos incluídos na orde do día, en función do remate do prazo marcado no Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos de 5 de maio de 2025, polo que se establece o procedemento e a asignación para 2025 dos importes para atender as obrigas pendentes de pago a provedores de determinadas entidades locais con cargo ao compartimento Fondo de Ordenación, do Fondo de Financiamento a EELL, e se fixan as condicións financeiras dos préstamos que se formalicen, e, no seu caso, das retencións da participación nos tributos do Estado.

Realizado o trámite, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (2)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	En contra	En contra	En contra

En función do resultado acadado, non resultandoa apreviada a urxencia da convocatoria polo Pleno, o Alcalde, de acordo co establecido no devandito artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro, de Orgnización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e correlativo do ROM, levartou acto seguido a sesión.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e seis minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación certificada en video con pegada dixital:2ddf3e994faba2284191b5046d7c3a52f48dbc42a24fa5bcec





Concello de Mugardos
(A Coruña)

d1a554b8d66b2aa667a6a2749be561f8782cc816e4c33c48f4
9a72ebcfbf01fae5c9b7259445cb

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

